



Proxecto: Parque Eólico Serra do Colmo
Documentos: Respostas do promotor ao Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 24.11.2022 sobre o estudo de impacto ambiental e proxecto de interese autonómico
Localización: Becerreá e Baralla (Lugo)
Promotor: Enel Green Power España, S.L.
Remitente: Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave: IN408A 2020/086
Data rexistro: 11.01.2023 e 13.01.2023
Expediente: 03.I.663.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3557/2022 (Servizo de Arquitectura)

O 11.01.2023 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 24.11.2022 sobre o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico do parque eólico Serra do Colmo, e achégase o enlace para descargar a resposta e a documentación complementaria.

O 13.01.2023 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un novo escrito da a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado dunha nova resposta do promotor coa descrición dos cambios realizados.

ANTECEDENTES:

- *Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Serra do Colmo e Proxecto de interese autonómico Parque eólico Serra do Colmo* (asinados en marzo de 2022), nos termos municipais de Becerreá e Baralla, informados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 24.11.2022. No dito informe, indícase que:

"... desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, considerase que a posición dos aeroxeradores SC02 e SC03 **non é compatible** co patrimonio cultural localizado na zona onde se quere implantar o parque eólico, en especial pola súa relación visual co Mosteiro de Santa María de Penamaior e a proximidade á capela de San Lourenzo.

O resto das infraestruturas infórmanse de xeito favorable, coa adopción das medidas correctoras establecidas no Anexo XI *Estudio impacto cultural* do EslA e tendo en conta coas seguintes consideracións e condicións:

- É necesario aclarar as discrepancias detectadas en relación coas UTM do aeroxenerador SC01.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control e seguimento arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos recollidos no EslA. Asemade, realizarase un especial seguimento dos traballos de roza naquelas zonas que no momento da prospección non puideron ser correctamente avaliadas.

A tal fin, e **previo ao inicio das obras**, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto deberá incorporar as medidas correctoras xerais e específicas incluídas no Anexo XI do EslA e as consideracións recollidas neste informe. No caso de que se constate a presenza de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.

- Durante o control arqueolóxico procederase a revisar a zona de tala e roza de San Lourenzo/Pena da Cruz, correspondente co aeroxenerador SC02 ante a posibilidade da presenza dalgún petróglifo.
- Unha vez rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos do patrimonio arqueolóxico. Se é necesario, redactaranse e presentaranse, como anexo a Memoria Técnica derivada do Proxecto de control e seguimento arqueolóxico, fichas actualizadas e individualizadas daqueles bens arqueolóxicos que sufriron algún tipo de modificación.
- Deberase informar aos concellos de Becerreá e Barralla dos novos xacementos identificados para que os inclúan no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.



- Durante a fase de mantemento do parque, segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado. Neste senso terase en conta a posibilidade de aparecer novos restos arqueolóxicos.
- Respecto ao Proxecto Sectorial (PIA)
 - Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
 - Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
 - Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
 - Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Real Decreto 2723/1982, do 27 de agosto, polo que se declara monumento a Igrexa de Santa María de Penamaior (BOE do 02.11.1982)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación:

Resposta do promotor remitida o 11.01.2023

Consiste nun escrito, asinado o 04.01.2023, para dar resposta ao requirimento do Servizo de Enerxía e Minas, que vén acompañado de dous planos do parque eólico, un co deseño sometido a información pública e outro coa modificación motivada principalmente polo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 24.11.2022.

Indícase que se está a traballar nunha nova versión do proxecto do parque eólico, do estudo de impacto ambiental e do proxecto de interese autonómico, na que se eliminan os aeroxeradores SC02 e SC03 e solicítase se admita o escrito e se proceda a continuar coa tramitación do expediente.



Resposta do promotor remitida o 13.01.2023

Consiste nun escrito, asinado o 11.01.2023, para dar resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 24.11.2022, no que acepta o devandito informe e avanza os cambios introducidos no proxecto do parque eólico, eliminación dos aeroxeradores SC02 e SC03, para que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os valore antes da recepción dos documentos definitivos actualizados.

Respecto das discrepancias xeradas pola coordenada X do aeroxerador SC01, confirma a existencia dunha errata no Anexo XI do EIA presentado, aportando as coordenadas UTM correctas e afirmando que non existe afección sobre o xacemento GA 2700605.

Asemade, na resposta presentada o promotor comprométese a ter en conta as demais consideracións técnicas do Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural destacando as seguintes:

- Os traballos de construción realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico, polo menos aqueles que impliquen movementos de terra, para os que se presentará previamente un proxecto arqueolóxico. No caso de constatare a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ, podendo dar lugar a modificacións do proxecto ou a establecer novas medidas protectoras e correctoras.
- Con carácter previo ao inicio das obras, deberá presentarse un documento no que se concrete a ruta de acceso elixida e no que se detallen as actuacións a realizar nos camiños, identificando os bens do Patrimonio Cultural que se poidan ver afectados así como aqueles tramos no que existan muros e peches tradicionais, e bens arqueolóxicos ou etnolóxicos. Valoraranse as posibles afeccións e detallaranse as medidas necesarias para a protección do Patrimonio Cultural.
- Revisaranse as zonas de tala e roza durante o control arqueolóxico na fase de construción. Asemade, durante a fase de mantemento será xestionada a biomasa na franxa legal definida para prever incendios e terase en conta a posibilidade de achar novos restos arqueolóxicos.
- Recollerase a correspondente cualificación urbanística "solo rústico de protección do patrimonio" nas áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes e contrastados en campo.

Unha vez analizada a documentación pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- As modificacións introducidas no proxecto do parque eólico e que se reflectirán dos documentos do estudo de impacto ambiental e proxecto de interese autonómico, cumpren co requirido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 24.11.2022. Asemade o promotor comprométese a cumprir co resto das consideracións e condicións do devandito informe.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME:

En atención ao expresado no apartado anterior, infórmanse de xeito **favorable** as modificacións propostas na resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 24.11.2022, de eliminar os aeroxeradores SC02 e SC03, debéndose en todo caso cumprir o resto das condicións e consideracións do devandito informe.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

